

CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN RAIOLAS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, DECLARA:

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ten previsto formalizar coa Asociación Raiolas, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte á data da súa sinatura e terá duración ata o remate do curso académico 2016/17, sendo prorrogado automaticamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación Raiolas, nas accións e actividades dirixidas á mellora da atención educativa ao alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

1. Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, tal e como establece o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que esixe unha acción educativa integral que dea resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo, sendo necesario, para este fin, contar con toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que adiquen os seus esforzos a esta finalidade.





Neste sentido, tanto na normativa educativa estatal, impulsada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, como no desenvolvemento curricular estatal e da Comunidade Autónoma de Galicia, faise explícita a atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, entre o que se sitúa o alumnado con trastorno do espectro do autismo.

2. Que a Asociación Raiolas é unha asociación sen ánimo de lucro, coa misión de mellorar a calidade de vida das persoas con Trastorno do Espectro Autista e da Comunicación Social e das súas familias.

Que entre os fins da Asociación Raiolas figuran:

- a) Facilitar servizos de apoio, orientación e información aos pais e nais que teñan algún fillo/filla afectado por Trastorno do Espectro Autista.
- b) Traballar a prol da plena integración familiar, escolar e laboral das persoas con Trastorno do Espectro Autista.
- c) Realizar tarefas de divulgación social no tocante á realidade do Trastorno do Espectro Autista.
- d) Promover a creación de servizos sociais que contribúan ao coidado e desenvolvemento das persoas con este trastorno.
- e) Promover e financiar a edición e distribución de publicacións, a celebración de cursos e conferencias, e en xeral, a realización de actividades encamiñadas á formación de pais e nais, titores/as e profesionais relacionados con persoas con Trastornos do Espectro Autista.
- f) Colaborar e intercambiar información, experiencias e servizos con outras Asociacións ou entidades que realicen actividades con fins análogos.

3. Que a Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, na redacción dada ao seu título II pola Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, recoñece que “as administracións educativas disporán os medios necesarios para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional”, e, para iso, deberán asegurar os recursos necesarios para que o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria poida alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades.

4. Que o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, dispón que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo pode requirir “apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias e que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con



atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas”.

En atención a estas consideracións, as dúas institucións teñen a vontade de sumar os esforzos que realizan no campo da atención educativa ao alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo, así como da formación do profesorado e do asesoramento e atención ás familias dese alumnado.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

E para dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras, asíñase dixitalmente esta memoria, en Santiago de Compostela, na data indicada na sinatura.

